

Por acordo de Claustro celebrado o día 21 de febreiro de 2022 e presentado ao Consello Escolar na mesma data, establécense as seguintes addendas ao Proxecto Educativo de Centro existente.

ADDENDA Nº 1:

6.2.- Obxectivos por etapas

6.2.1.- Educación Infantil (2º ciclo)

O obxectivo número 13: *“Fomentar unha organización das unidades de E I que permitan levar a cabo os obxectivos plantexados para esta etapa”* queda redactado do seguinte xeito: *“Fomentar unha organización das unidades de Educación Infantil que favoreza a interacción e colaboración entre o alumnado de distintas idades, contemplando a diversidade como un elemento enriquecedor”*.

ADDENDA Nº 2:

7.- Estrutura organizativa

7.1.- Agrupamento de alumnos:

O apartado queda redactado como se expón a continuación:

Co fin de organizar os recursos humanos dispoñibles no centro e optimizar o funcionamento do mesmo, establecemos os seguintes criterios para o agrupamento do alumnado:

Na **Educación Infantil** o alumnado agruparase en aulas mixtas que acollan alumnado de 3, 4 e 5 anos.

Esta estruturación faise en base ás seguintes premisas, que se consideran beneficiosas para todo o alumnado do ciclo:

- Permite equilibrar o número de alumnado das diferentes aulas que se dan pola variación das matrículas segundo o ano académico.

-As interaccións entre nenos e nenas de diferentes idades, capacidades, intereses e motivacións, promoven o desenvolvemento de habilidades sociais e de relación positivas, favorecendo a empatía, axuda, colaboración,... e reducindo así posibles problemas de conduta.

-Permite a titorización entre iguais. O alumnado séntese útil e protagonista ensinando e axudando aos seus compañeiros/as ao tempo que se converte nun modelo natural de aprendizaxe e conduta.

-Reforza as aprendizaxes, xa que a interacción esixe ao que explica ou axuda, a organizar o seu pensamento e facer unha reflexión sobre o que sabe para poder comunicalo.

-Favorece o respecto polos diferentes ritmos de aprendizaxe e permite acceder as tarefas desde distintos puntos de partida.

-Fomenta a autonomía e a autoestima do alumnado.

-Favorece a adaptación do alumnado novo, que se integra dunha forma máis natural no grupo.

-Permite distribuír ao alumnado con NEAE para unha mellor atención.

Os criterios de agrupamento para a etapa, serán os seguintes:

- 1) A orde alfabética do 1º apelido de cada alumno/a, garantindo a paridade entre sexos e tendo en conta que o número de alumnos/as por aula sexa o máis homoxéneo posible. *Deste xeito, distribuiranse de tal forma que na aula A estará o alumnado das primeiras letras do abecedario, unha vez se complete este grupo, comezase a asignar o alumnado á aula B e así sucesivamente.*
- 2) No caso de que coincidan irmáns da mesma idade, irán no mesmo grupo. Pola contra, no caso de coincidir irmáns na etapa de diferentes idades, estarán en grupos separados.
- 3) O alumnado con NEAE será distribuído uniformemente polos diferentes grupos ca finalidade de garantir unha mellor atención.
- 4) Excepcionalmente e de xeito xustificado, calquera grupo será susceptible de sufrir algún cambio por motivos estritamente pedagóxicos.
- 5) No caso de novo alumnado matriculado xa comezado o curso, asignarase ao curso que teña menor ratio. En caso de ser cursos equilibrados, incluírase no que lle corresponda polo primeiro apelido.

Na **Educación Primaria**, o alumnado será asignado segundo a súa idade no nivel que lle corresponda, de 1º a 6º. Serán incluídos, ademais, aqueles alumnos/as que non promocionaron ao final do seu ciclo.

No caso de existir máis dunha unidade nun mesmo nivel, os criterios de agrupamento, por orde de prioridade, serán os seguintes:

- 1) A orde alfabética do 1º apelido de cada alumno/a, garantindo a paridade entre sexos e tendo en conta que o número de alumnos/as por aula sexa o máis homoxéneo posible. Repartir equitativamente o alumnado con necesidades educativas especiais e, sobre todo, se dispoñen de Adaptación Curricular.
- 2) Repartir equitativamente o alumnado repetidor.
- 3) O alumnado con NEAE, especialmente o que conte con unha adaptación curricular, será distribuído uniformemente polos diferentes grupos ca finalidade de garantir unha mellor atención.
- 4) No caso de novo alumnado matriculado xa comezado o curso, asignarase ao curso que teña menor ratio. En caso de ser cursos equilibrados, incluírase no que lle corresponda polo primeiro apelido.